

MPN/ecp

RESOLUCION PRESIDENCIAL

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Vista a proposta de resolución da Xefa do Servizo de Cooperación que é do seguinte teor literal,

“

SERVIZO	Cooperación
EXPEDIENTE NÚM.	2025017634
BENEFICIARIO	<i>concello de AGOLADA</i>
PLAN/PROGRAMA	Plan + Provincia 2025
ASUNTO	Concesión subvención polo importe de 18.142,15 euros
OBXECTO	<i>SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA EDIFICACION DE APOIO DA PISCINA MUNICIPAL DE AGOLADA</i>

INFORME PROPOSTA

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 21/03/2025, mediante rexistro WEB2025020776, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de AGOLADA* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 18.142,15 euros, co obxecto do financiamento da actuación “*SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA EDIFICACION DE APOIO DA PISCINA MUNICIPAL DE AGOLADA*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

CONCLUSIÓNS

A petición do *concello de AGOLADA* relativa á solicitude dunha subvención co obxecto do financiamento da actuación “*SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA EDIFICACION DE APOIO DA PISCINA MUNICIPAL DE AGOLADA*” foi presentada dentro do prazo recollido na convocatoria do Plan + Provincia 2025, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación necesaria, conforme a base 27ª, para a válida concesión dunha subvención por importe de 18.142,15 euros, en base a un orzamento polo mesmo importe.

Visto que o obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na base 19ª das reguladoras da Liña 1 – Investimentos, sendo de competencia municipal.

Visto que o facultativo técnico do Servizo de Cooperación emitíu, en data 21/03/2025, informe favorable de supervisión e control do documento técnico descritivo das actuacións a levar a cabo.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, **INFO**MO FAVORABLEMENTE o expediente do *concello de AGOLADA* e **PROPOÑO** que lle



sexa concedida unha subvención, por importe de 18.142,15 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA EDIFICACION DE APOIO DA PISCINA MUNICIPAL DE AGOLADA*” (exp.: 2025017634), en base a un orzamento polo mesmo importe, tendo en conta que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais que sexan necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.

A concesión da subvención realizarase contra a aplicación 25/942.9425.762.45 do orzamento provincial para o vixente exercicio na que existe crédito para atender o gasto.

REXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 61 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, a competencia para resolver correspóndelle á Presidencia.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

En consecuencia tendo en conta o exposto e visto o informe da Intervención provincial, de data 29/04/2025, elévase á Presidencia a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

- CONCEDER ao *concello de AGOLADA* CIF P3602000F a cantidade de 18.142,15 euros, con destino ao financiamento da actuación “*SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA EDIFICACION DE APOIO DA PISCINA MUNICIPAL DE AGOLADA*” (exp.: 2025017634), en base a un orzamento que importa 18.142,15 euros.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de



02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *concello de AGOLADA*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica
A xefa do Servizo de Cooperación Municipal
Marina Piñeiro Novo"

Vista a precedente proposta de resolución, RESOLVO, de conformidade coa mesma.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (arts. 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei).

Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime pertinente.

(documento asinado dixitalmente ao marxe)

